



MEMORIA DE ACTIVIDADES

Exercicio¹

2022

1. DATOS DA ENTIDADE

A. Identificación da entidade

Denominación

Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (CULTURMAR)

Réxime Xurídico²

Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación

Rexistro de Asociacións³

Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia

Número de Inscripción no Rexistro correspondente

Data de Inscripción⁴

CIF

2007/000185-2

18-12-2007

G-36231561

B. Domicilio da entidade

Calle/Plaza

Número

Código Postal

Rúa Maruja Mallo (Pol. Ind. Sete Pías)

13- 1º andar

36635

Localidad / Municipio

Provincia

Teléfonos

Cambados

Pontevedra

986524845-633136161

Enderezo de Correo Electrónico

Fax:

secretaria@culturmar.org

986524845

2. FINS ESTATUTARIOS⁵

A **Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial**, coñecida como **Culturmar**, nace no ano 1993 ao abeiro dunha xuntanza de embarcacións tradicionais celebrada en Ribeira (*1 Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia*) co obxectivo de defender, divulgar e dinamizar o patrimonio marítimo de Galicia, particularmente as embarcacións tradicionais que o integran.

CULTURMAR, integrada por 43 asociacións federadas, está inscrita no **Rexistro Central de Asociacións** co número **2007/000185-2 (SC)** e no **Censo de Entidades culturais de Galicia**, co código **B-02.61/PO.406** sendo unha das súas principais singularidades o feito de que as asociacións federadas conforman unha rede de voluntariado que traballa na defensa do patrimonio e da cultura marítimo-fluvial de Galicia, motivo polo que tamén figura inscrita no **Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia** co número **O-582**.



CULTURMAR ten como principais **fins estatutarios**:

- A defensa, conservación e difusión da cultura e do patrimonio dos mares e dos ríos de Galicia.
- O fomento do uso social e a dinamización do patrimonio marítimo e fluvial.

Para acadar estes obxectivos, CULTURMAR desenvolve **accións** encamiñadas a:

- Coordinar e asesorar as actividades de inventariado, investigación, conservación e restauración de embarcacións tradicionais.
- Facilitar a xestión das asociacións ante a Administración.
- Servir de enlace entre as asociacións federadas asentadas no seu seo.
- Fomentar actividades de animación cultural e promoción do patrimonio marítimo-fluvial galego.
- Difundir a cultura mariñeira entre a xuventude e fomentar a súa participación a través da navegación.
- Fomentar o asociacionismo cultural costeiro nas vilas galegas.

Estas accións concréntanse no desenvolvemento de **actividades** diversas, tales como:

- Realización de investigacións no eido patrimonial marítimo-fluvial e a elaboración de estudos teóricos sobre as embarcacións tradicionais.
- A recuperación de embarcacións e tipoloxías tradicionais.
- A difusión deste patrimonio a través da edición e publicación de monografías e libros (*Onde se vive o mar, O Patrimonio Marítimo de Galicia, Farol Perpétuo na Néboa...*), revistas ([Nova Ardentía](#), [Relinga](#), [Apupo](#)..), guías identificativas ou publicacións infantís como *Ao Mar Madeira*.
- Organización de exposicións, mostras, xornadas e seminarios relacionados co patrimonio natural e cultural.
- A dinamización e posta en valor das embarcacións tradicionais mediante a realización de regatas, exhibicións conxuntas e concentracións en eventos públicos, entre os que salienta o [Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia](#) do que no 2023 celébrase xa a súa décimo sexta edición.
- Organización de expedicións participando en diversos eventos de promoción do patrimonio marítimo realizados en Xixón, Murcia, Pasaia, Portugalete, Glasgow, Brest, Douarnenez, Esposende, Vila do Conde ...

Salientamos especialmente os seguintes **fitos**:

- Participación no proxecto de investigación europeo **DORNA (Desenvolvemento Organizado e Sostible de Recursos no Noroeste Atlántico)**, aprobado no marco do Programa de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico e dirixido dende a Deputación de A Coruña.
- Participación no estudo **Caracterización de Embarcacións Tradicionais de Galicia: A dorna, a gamela e o galeón**, realizado no ámbito do proxecto **PROAMARE (Protección Activa do Patrimonio do Mar)** e dirixido pola Deputación de Pontevedra.
- Culturmar intégrase a nivel europeo desde 2009 na **EUROPEAN MARITIME HERITAGE**, organización non gubernamental de carácter internacional, que ten entre os seus obxectivos manter vivo o patrimonio marítimo a través da cooperación mutua e actuando ante as autoridades da Unión Europea como un servizo representativo e consultivo sobre aspectos de preservación das embarcacións tradicionais.
- Fóra de Galicia, Culturmar levou a nosa cultura e patrimonio a Bretaña, participando de xeito oficial na **Fête Maritime de Brest** nos anos 2008 e 2012. Asemade foi convidada ao Festival "**Arcu Atlanticu**" en Xixón e á **Rebel Raid** realizada en Irlanda. No 2018 foi convidada de horna no **I Festival Marítimo de Pasaia**, participando posteriormente nas seguintes edicións. Así mesmo, e frecuente a participación anual en eventos arredor do patrimonio marítimo en Portugal (Lisboa e vilas do Norte), País Vasco, Murcia ou Cataluña.
- Realiza dende o ano 2011 proxectos de voluntariado xuvenil e senior baseados na cooperación interxeracional, o intercambio de valores e a transmisión de coñecementos co obxectivo principal da preservación do patrimonio e cultura mariñeira.
- É **PREMIO CULTURA GALEGA 2015** na modalidade de **PATRIMONIO**, en recoñecemento a un labor de máis de trinta anos a prol da salvagarda do patrimonio marítimo e fluvial de Galicia. Asemade é **PREMIO Hgg&T** na modalidade de **ACERVO PATRIMONIAL** outorgado na XVII Gala do Turismo e Gastronomía de Galicia no 2019.

3. NÚMERO DE SOCIOS

Número de personas físicas asociadas	Número de personas xurídicas asociadas	Número total de socios ⁶
	43 asociacións e entidades afíns	43

Natureza das persoas xurídicas asociadas⁷

Asociacións culturais e outras entidades relacionadas coa salvagarda e promoción da cultura e patrimonio marítimo-fluvial



4. PROXECTOS DESENLORADOS NO EXERCICIO 2022, RESULTADOS E BENEFICIARIOS⁸

4.1. I COPA MÖRLING DE DORNAS A VELA

A. Identificación da actividade

Denominación da actividade⁹

I Copa Mörling de Dornas a Vela

Servizos comprendidos na actividade¹⁰

Mostra de embarcacións e realización de visitas guiadas para público xeral.

Celebración de regatas de tipo triangular preto da costa co fin de obter unha maior visibilidade para o público xeral.

Promoción da dorna e da navegación tradicional a vela entre a cidadanía como medio de salvagarda e protección das embarcacións tradicionais.

Breve descrición da actividade¹¹

No ano 2022, gracias ao financiamento da Consellería do Mar xunto coa Deputación Provincial de Pontevedra, recuperouse a celebración da extinta “Copa Galicia de Dornas”, rebautizada como **Copa Mörling. Campionato Galego de Dornas a Vela** en homenaxe a Staffan Mörling, etnólogo e antropólogo especializado no estudo de lanchas e dornas que adicou case a metade da súa vida intelectual a escribir libros sobre a cultura galega, sendo un dos precursores da creación de Culturmar.

O obxectivo principal deste evento e a promoción e posta en valor da dorna, dando a coñecer para qué se empregaban estas embarcacións profesionalmente así como a arte da navegación tradicional con vela de relinga, converténdose ésta nunha demostración de saberes tradicionais que forman parte do patrimonio inmaterial.

Esta primeira edición da copa, que contou con un gran éxito de participación (preto de 50 dornas e mais de 100 participantes entre tripulación e organización) foi desenvolta ao longo do verán en cinco grandes regatas celebradas en diferentes localidades e portos de Pontevedra:

- **Regata do Salnés (1º proba puntuable)** 2 Xullo 2022 Cambados
- **Regata dos Faros (2º proba puntuable)** 30 Xullo 2022 O Grove
- **Triángulo do Cantiño (3º proba puntuable)** 6 Agosto 2022 Illa de Arousa
- **Regata da Reiboia (4º proba puntuable)** 27 Agosto 2022 Combarro (Poio)
- **Regata do Sepelo (5º proba puntuable)** 24 Setembro 2022 Portonovo (Sanxenxo)

O proxecto iniciouse cun acto de presentación oficial que tivo lugar no Museo de Massó de Bueu o 21 de maio e tivo a súa clausura na localidade de Portonovo o 24 de setembro de 2022, nun acto que contou coa familia de Staffan Morling como convidados especiais, o presidente de Culturmar, e autoridades como a presidenta de Portos de Galicia, Susana Lenguas, o deputado Gorka Gomez e o alcalde de Sanxenxo Telmo Martín.

B. Recursos humanos asignados á actividade¹²

Tipo de personal	Número
Persoal asalariado	1
Persoal con contrato de servizos	2
Persoal voluntario (organización)	12



C. Custe e financiamento da actividade

CUSTE ¹³	IMPORTE
Gastos por axudas e outros	
a. Axudas monetarias	
b. Gastos por colaboracións e do órgano de goberno	
Aprovisionamentos	
a. Compras de bens destinados á actividade	428,37
b. Compras de materias primas	
c. Compras de outros aprovisionamentos	
d. Traballos realizados por outras entidades	412,00 (<i>impartición de conferencias</i>)
e. Pérdas por deterioro	
Gastos de persoal	Non se imputan gastos de persoal ao proxecto
Outros gastos da actividade	
a. Arrendamentos e cánones	
b. Reparacións e conservación	
c. Servizos de profesionais independentes	
d. Transportes	
e. Primas de seguros	440,84
f. Servizos bancarios	
g. Publicidade, propaganda e relacións públicas	2.761,71
h. Suministros	300,00 (<i>combustible</i>)
i. Tributos	
j. Pérdas por créditos incobrables derivados de la actividade	
Amortización do inmovilizado	
Gastos financeiros	
Compra de inmovilizado	
CUSTE TOTAL DA ACTIVIDADE	4.342,92€



FINANCIAMENTO	IMPORTE
Cotas de asociados	238,05
Prestacións de servizos da actividade (incluído cotas de usuarios) ¹⁴	
Ingresos ordinarios da actividade mercantil ¹⁵	
Rendas e outros ingresos derivados do patrimonio.	
Ingresos con orixe na Administración Pública ¹⁶	
a. Contratos co sector público	
b. Subvencións	1.165,46 (Dep. Provincial de Pontevedra) 2.939,41 (Xunta de Galicia - Consellería do Mar. Achea destinada á esta actividade dunha subvención anual de 28.500€)
c. Concertos	
Outros ingresos do sector privado	
a. Subvencións	
b. Doazóns e legados	
Outros. Fondos propios derivados da actividade	
FINANCIACIÓN TOTAL DA ACTIVIDADE	4.342,92€

D. Beneficiarios/as da actividade

Número total de beneficiarios/as:

Arredor de 1.300 persoas entre participantes, voluntariado e asistentes ao evento das 5 regatas.

Clases de beneficiarios/as:

Navegantes e asistentes ao evento, sendo indicado para a poboación en xeral, particularmente mocidade.

Requisitos esixidos para ostentar a condición de beneficiario/a:¹⁷

Non se solicitan requisitos

Grado de atención que reciben los beneficiarios/as:

Medio -Alto

E. Resultados obtidos e grado de cumprimento

Resultados obtidos coa realización da actividade:

Divulgación e posta en valor das embarcacións tradicionais a través da navegación entre a poboación co obxectivo de preservar o patrimonio marítimo de Galicia.

Grado ou nivel de cumprimento dos fins estatutarios:

100%



4.2. PROXECTO VOLUNTARIADO SENIOR DE ACCIÓN VOLUNTARIA

A. Identificación da actividade

Denominación da actividade

Patroneando no futuro: Escola de navegación tradicional itinerante.

Servizos comprendidos na actividade

Formación práctica na navegación tradicional a vela como medio de protección e salvagarda das embarcacións tradicionais.

Breve descrición da actividade

No ano 2022, gracias ao financiamento da Consellería de Política Social levouse a cabo o proxecto de voluntariado senior denominado *Patroneando no futuro: Escola de navegación tradicional itinerante* que contou coa colaboración de 8 voluntarios expertos na navegación adheridos a rede de voluntariado de Culturmar.

Os obxectivos principais deste proxecto foron:

- Transmitir e promover o coñecemento e a práctica da navegación tradicional na súa diversidade tipolóxica e o seu extraordinario valor cultural e patrimonial.
- Promover o relevo xeracional nos colectivos de culturmar e ampliar a súa base asociativa.
- Aproveitar a potencialidade do voluntariado senior como palanca de transformación social e comunitario.
- Ofertar á sociedade actividades saudables e integradoras

O proxecto realizouse en 2 fases: unha primeira de formación a través da posta en común de experiencias e metodoloxía para formadores na navegación tradicional e unha segunda práctica coa realización de 5 escolas de navegación nas localidades de O Freixo (Outes), a Illa de Arousa, Bouzas (Vigo), O Grove, Cabo da Cruz (Boiro) que contou cun total de 158 alumnos.

B. Recursos humanos asignados á actividade

Tipo de personal	Número
Persoal asalariado	1
Persoal con contrato de servicios	0
Persoal voluntario + organización	31



C. Custe e financiamento da actividade

CUSTE	IMPORTE
Gastos por axudas e outros	
a. Axudas monetarias	
b. Gastos por colaboracións e do órgano de goberno	1.440
Aprovisionamentos	
a. Compras de bens destinados á actividade	
b. Compras de materias primas	
c. Compras de outros aprovisionamentos	114,85
d. Traballos realizados por outras entidades	
e. Pérdas por deterioro	
Gastos de persoal (imputados ao proxecto)	689,76
Outros gastos da actividade	
a. Arrendamentos e cánones	
b. Reparacións e conservación	
c. Servizos de profesionais independentes	
d. Transportes	
e. Primas de seguros	368,13
f. Servizos bancarios	
g. Publicidade, propaganda e relacións públicas	
h. Suministros	
i. Tributos	
j. Pérdas por créditos incobrables derivados de la actividade	
Amortización do inmovilizado	
Gastos financeiros	
Compra de inmovilizado	
CUSTE TOTAL DA ACTIVIDADE	2.612,74



FINANCIAMIENTO	IMPORTE
Cotas de asociados	212,74
Prestacións de servizos da actividade (incluído cotas de usuarios)	
Ingresos ordinarios da actividade mercantil	
Rendas e outros ingresos derivados do patrimonio.	
Ingresos con orixe na Administración Pública	
a. Contratos co sector público	
b. Subvencións	2.400 (Xunta de Galicia- Consellería de Política social)
c. Concertos	
Outros ingresos do sector privado	
a. Subvencións	
b. Doazóns e legados	
Outros. Fondos propios derivados da actividade	
FINANCIACIÓN TOTAL DA ACTIVIDADE	2.612,74€

D. Beneficiarios/as da actividade

Número total de beneficiarios/as:

158 alumnos/as

Clases de beneficiarios/as:

Poboación en xeral e particularmente mocidade.

Requisitos esixidos para ostentar a condición de beneficiario/a:

Maior de idade.

Grado de atención que reciben los beneficiarios/as:

Alto

E. Resultados obtidos e grado de cumprimento

Resultados obtidos coa realización da actividade:

Trasmisión de coñecementos e práctica na navegación a vela así como coñecemento das diferentes tipoloxías de embarcacións tradicionais, promoción do relevo xeracional nas entidades federadas, protección do medio ambiente polo uso de materiais sostibles na navegación, salvagarda do patrimonio marítimo de Galicia...

Grado ou nivel de cumprimento dos fins estatutarios:

100%



4.3. EDICIÓN E PUBLICACIÓN DE REVISTA NOVA ARDENTÍA

A. Identificación da actividade

Denominación da actividade

Publicación da revista de cultura marítima Nova Ardentía nº14

Servizos comprendidos na actividade

Edición, impresión e distribución de 700 exemplares da publicación Nova Ardentía, na súa edición nº14.

Distribución gratuíta en colexios, universidades, bibliotecas, fundacións, asociación culturais, museos.. e posta a disposición do público en xeral en formato online a través das plataformas web de Culturmar: <https://culturmar.org/tipo-de-publicacion/ardentia/> e <https://www.novaardentia.gal/>

Breve descrición da actividade

Culturmar ven publicando periódicamente dende o ano 2004, a revista galega de cultura marítima e fluvial *Nova Ardentía* (ISSN 1699-3128 / D.L PO-295/04). Así no 2022 publicouse o seu número 14 grazas ao traballo dun importante equipo de redacción e de colaboradores de Culturmar, que aportan desinteresadamente o seu saber a prol da divulgación da cultura mariñeira entre a poboación, conseguindo asemade, que dende 2017 a revista teña unha periodicidade anual e unha distribución ao longo de todo o territorio galego e norte de Portugal.

O obxectivo da revista é publicar anualmente traballos de divulgación acerca do patrimonio marítimo e fluvial, procurando unha contrastada calidade e interese dos mesmos, e atendendo tanto aspectos históricos como actuais; e polo que se posiciona na actualidade, como nunha das poucas publicacións do xénero destas características.

B. Recursos humanos asignados á actividade

Tipo de personal	Número
Persoal asalariado	1
Persoal con contrato de servizos	1
Persoal voluntario (Consello de redacción)	9

C. Custe e financiamento da actividade

CUSTE	IMPORTE
Gastos por axudas e outros	
a. Axudas monetarias	
b. Gastos por colaboracións e do órgano de goberno	
Aprovisionamentos	
a. Compras de bens destinados á actividade	
b. Compras de materias primas	
c. Compras de outros provisionamentos	



d. Traballos realizados por outras entidades	
e. Pérdas por deterioro	
Gastos de persoal (imputados ao proxecto)	Non se imputan gastos de persoal ao proxecto
Outros gastos da actividade	
a. Arrendamentos e cánones	
b. Reparacións e conservación	
c. Servizos de profesionais independentes	
d. Transportes	
e. Primas de seguros	
f. Servizos bancarios	
g. Publicidade, propaganda e relacións públicas	
h. Suministros	
i. Outros servizos	4.118,83 (maquetación e impresión) 83,45 (Gasto correos)
j. Tributos	
k. Pérdas por créditos incobrables derivados de la actividade	
Amortización do inmovilizado	
Gastos financeiros	
Compra de inmovilizado	
CUSTE TOTAL DA ACTIVIDADE	4.202,28€

FINANCIAMENTO	IMPORTE
Cotas de asociados	
Prestacións de servizos da actividade (incluído cotas de usuarios)	
Ingresos ordinarios da actividade mercantil	1.702,40
Rendas e outros ingresos derivados do patrimonio.	
Ingresos con orixe na Administración Pública	
a. Contratos co sector público	4.628,11
b. Subvencións	



c. Concertos	
Outros ingresos do sector privado	
a. Subvencións	
b. Doazóns e legados	
Outros. Fondos propios derivados da actividade	
FINANCIACIÓN TOTAL DA ACTIVIDADE	6.330,51

D. Beneficiarios/as da actividade

Número total de beneficiarios/as:

Ilimitados: Usuarios da publicación; a través da distribución directa e da presenza da revista en bibliotecas de acceso público, lectura e descarga gratuita a través da páxina web...

Clases de beneficiarios/as:

Poboación en xeral interesada na temática da cultura marítima e fluvial, da navegación tradicional e temas relacionados.

Requisitos esixidos para ostentar a condición de beneficiario/a:

Non se esixen requisitos

Grado de atención que reciben los beneficiarios/as:

Medio

E. Resultados obtidos e grado de cumprimento

Resultados obtidos coa realización da actividade:

Con esta publicación Culturmar persegue a transmisión de coñecementos entre a sociedade arredor do patrimonio marítimo e fluvial de Galicia así como da cultura e saberes vinculados ao noso mar. A través das numerosas presentacións públicas e coa colaboración das asociación federadas, conseguiu espallar a publicación ao longo da xeografía galega chegando incluso ao norte de Portugal, achegando a mesma a todos os públicos a través da súa web para descarga gratuita e enviando diversos exemplares a entidades de referencia, museos, bibliotecas, colexios, universidades....

Grado ou nivel de cumprimento dos fins estatutarios:

100%



4.4. PARTICIPACIÓN EN FEIRAS E EVENTOS DE EXHALTACIÓN DO PATRIMONIO MARIÑEIRO

A. Identificación da actividade

Denominación da actividade

I Feira Náutica do Freixo
Mostra de embarcacións tradicionais Feira Franca de Pontevedra

Servizos comprendidos na actividade

Organización dunha mostra de embarcacións tradicionais en terra e concentración no mar. Realización de actividades complementarias tales como navegacións, visitas guiadas á mostra, exposicións, conferencias, obradoiros de carpintería de Ribeira, andainas costeiras...

Breve descrición da actividade

No ano 2022, Culturmar participou en dous eventos de exaltación do patrimonio mariñeiro coa organización de dúas mostras e concentración de embarcacións tradicionais realizados no marco de celebración da *I Feira Náutica do Freixo* en Outes do 1 ao 3 de xullo e na recreación da *Feira Franca de Pontevedra* o 3 de setembro.

- Ata o porto do Freixo Culturmar desprazou 15 embarcacións tradicionais de distinta tipoloxía conformando unha mostra de 5 embarcacións apareladas expostas no peirao e 10 embarcacións no mar, todas elas identificadas con cartelería descriptiva da características e usos principais de cada embarcación. Esta mostra foi completada coa exposición "*Fasquías doutrora singraduras do futuro*", a exposición fotográfica "*No centro do mar*", as ponencias "*A carpintería de ribeira en Galicia*" e "*O marisqueo como patrimonio inmateria*", a impartición dun obradoiro sobre a carpintería de ribeira e unha andaina e visita guiada á carpintería de ribeira do Freixo baixo a temática "*A importancia do porto e da carpintería de ribeira*".
- En Pontevedra a mostra contou con 22 embarcacións de pequeno porte de variedade tipolóxica (dornas, buquetas, botes, carochos...) 10 expostas e apareladas sobre a ponte do Burgo e 12 fondeadas no río grazas a instalación de fondeos e amarres destinados a tales efectos. Durante a xornada tiveron lugar diversas visitas guiadas á mostra, demostración de navegacións, izado de velas... Asemade instalouse cartelería descriptiva da características e usos principais de cada embarcación para o coñecemento dos visitantes.

Todas as actividades descritas anteriormente foron gratuítas para a cidadanía. Os obxectivos principais foron:

- Transmitir e achegar o coñecemento das embarcacións tradicionais á cidadanía, o seu extraordinario valor cultural e patrimonial e a importancia da súa conservación.
- Difundir a importancia dos carpinteiros de ribeira e da arte da construción da madeira como parte esencial da cultura mariñeira e do crecemento económico ligada ao mar ao longo da historia.
- Ofertar á sociedade actividades culturais

B. Recursos humanos asignados á actividade

Tipo de personal	Número
Persoal asalariado	1
Persoal con contrato de servizos	6
Persoal voluntario + organización+ tripulación	113

C. Custe e financiamento da actividade

CUSTE	IMPORTE
<i>Gastos por axudas e outros</i>	



a. Axudas monetarias	
b. Gastos por colaboracións e do órgano de goberno	
Aprovisionamentos	
a. Compras de bens destinados á actividade	
b. Compras de materias primas	
c. Compras de outros aprovisionamentos	50,07
d. Traballos realizados por outras entidades	18.903,10
e. Pérdas por deterioro	
Gastos de persoal (imputados ao proxecto)	
Outros gastos da actividade	
a. Arrendamentos e cánones	72,60
b. Reparacións e conservación	
c. Servizos de profesionais independentes	
d. Transportes	
e. Primas de seguros	
f. Servizos bancarios	
g. Publicidade, propaganda e relacións públicas	
h. Suministros	34,39
i. Tributos	
j. Pérdas por créditos incobrables derivados de la actividade	
Amortización do inmovilizado	
Gastos financeiros	
Compra de inmovilizado	
CUSTE TOTAL DA ACTIVIDADE	19.060,16

FINANCIAMENTO	IMPORTE
Cotas de asociados	



Prestacións de servizos da actividade (incluído cotas de usuarios)	
Ingresos ordinarios da actividade mercantil	
Rendas e outros ingresos derivados do patrimonio.	
Ingresos con orixe na Administración Pública	
a. Contratos co sector público	27.860
b. Subvencións	
c. Concertos	
Outros ingresos do sector privado	
c. Subvencións	
d. Doazóns e legados	
Outros. Fondos propios derivados da actividade	
FINANCIACIÓN TOTAL DA ACTIVIDADE	27.860€

D. Beneficiarios/as da actividade

Número total de beneficiarios/as:

Dado que ambas actividades se realizaron no marco de celebración de feiras e eventos multitudinarios estimamos que unhas 18.000 persoas, de maneira directa ou indirecta, puideron disfrutar das actividades de promoción e exhaltación do patrimonio e da cultura marítima de Galicia ofertadas por Culturmar.

Asemade ciframos en mais de 800 usuarios directos que disfrutaron de actividades tales como conferencias, exposicións, obradoiros demostrativos de carpintería de ribeira, visitas guiadas, andainas costeiras, navegacións, reparto de guías explicativas, etc

Clases de beneficiarios/as:

Poboación en xeral

Requisitos esixidos para ostentar a condición de beneficiario/a:

Non se esixen requisitos

Grado de atención que reciben los beneficiarios/as:

Alto

E. Resultados obtidos e grado de cumprimento

Resultados obtidos coa realización da actividade:

Achegamento das embarcacións tradicionais e da cultura vinculada aos nosos mares entre a cidadanía, destacando o extraordinario valor deste patrimonio e concenciando sobre a importancia da súa preservación.

Grado ou nivel de cumprimento dos fins estatutarios:

100%



4.5. PROMOCIÓN DO PATRIMONIO MARÍTIMO DE GALICIA NO EXTERIOR

A. Identificación da actividade

Denominación da actividade

Participación en eventos de dinamización do patrimonio marítimo-fluvial realizados fora de Galicia: II Itsas Festibala Pasaia, Batelero Eguna e X Encontro de Embarcações Tradicionais.

Servizos comprendidos na actividade

Exhibición e mostra de 13 embarcacións galegas desprazadas ata as localidades vascas de Pasaia e Portugaleta así como a Vila de Conde (Portugal) incluído actividades complementarias gratuítas para o público asistente tales como servizos de visitas guiadas, exposicións, reparto de guías e material formativo coas características e antigos usos das embarcacións galegas, etc.

Breve descrición da actividade

No ano 2022 e gracias ao financiamento da Consellería do Mar, Culturmar participou nos seguintes eventos nacionais e internacionais cunha mostra representativa de embarcacións galegas:

- [II Pasaia Itsas Festibala](#) (Festibal Marítimo de Pasaia) realizado do 26 ao 29 de maio na localidade de Pasaia (Guipuzcoa) e no que Culturmar participou cunha ampla representación galega formada por 10 embarcacións de distinta tipoloxía xunto cunha mostra en terra da cultura e do patrimonio marítimo fluvial galego. Dornas e bucetas, xunto con dúas embarcacións de gran eslora desprazadas por mar (o volanteiro Piueiro e a dorna Irmandiña), participaron neste festival marítimo conformado por unha ampla delegación de 60 tripulantes xunto co un equipo de prensa e membros da xunta directiva.

Este festival marítimo afiánzase, trala primeira edición na que participaron máis de 115 embarcacións, como o acontecemento marítimo cultural de carácter internacional máis importante da Costa Vasca, e polo que Culturmar xa asistiu á súa primeira edición, no 2018, como convidada de honra.

- X Encontro de Embarcações Tradicionais realizado os días 18 e 19 de xuño de 2022 na localidade portuguesa de Vila do Conde ao que se desprazaron un bote característico da ría de Vigo e unha dorna capitaneados por 6 tripulantes como representación do patrimonio galego. A mostra e exhibición de embarcacións tradicionais durante as xornadas foi completada con 3 palestras sobre a evolución das técnicas de construción naval, a recuperación de embarcacións e o patrimonio sumerxido.
- Batelero Eguna 2022: Portugaleta acolleu entre os días 28 e 31 de xullo de 2022, a celebración Batelero Eguna, unha xuntanza de embarcacións tradicionais chegadas dende distintos puntos da península e na que Culturmar participou desprazando ata a localidade vasca unha embarcación galega, a dorna *Habana*.

Organizado por Euskal Batereok Elkartea, a asociación elixiu Portugaleta como sede do evento con motivo do 700 aniversario da vila co obxectivo de transmitir a cultura dos pobos costeiros e a súa riqueza a través desta xuntanza, na que participaron preto de 50 embarcacións, dando a coñecer desta forma, parte da súa cultura, historia e patrimonio mariñeiro na que se amosou cómo eran as antigas artes de pesca. A programación do evento estivo composta por exposicións fotográficas e charlas, concertos e unha mostra de embarcacións a flote moi vistosa na propia ría de Bilbao.

B. Recursos humanos asignados á actividade

Tipo de personal	Número
Persoal asalariado	1
